

AROUSA NORTE

## Como chegar?

Situada en Galicia, no suroeste da provincia da Coruña, Arousa Norte está ben comunicada coas principais cidades de Galicia: Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, A Coruña e Ferrol.

Se viaxas en coche, as distancias e tempos ás principais cidades son:

- Santiago de Compostela: 53 km. Tempo estimado: 45 minutos.
- Pontevedra: 55 km. Tempo estimado: 45 minutos.
- Vigo: 82 km. Tempo estimado: 1 hora.
- A Coruña: 126 km. Tempo estimado: 1 hora e 23 minutos.
- Ferrol: 144 km. Tempo estimado: 1 hora e 35 minutos.
- Ourense: 151 km. Tempo estimado: 1 hora e 37 minutos.
- Lugo: 184 km. Tempo estimado: 2 horas.

Se optas polo autobús, Arousa Norte ten unha liña que percorre os seus catro concellos e que a comunica con Santiago de Compostela (recorre unha distancia de 70 km aprox. nunha hora).

Empresa: Arriva Noroeste  
Teléfono oficinas: (+34) 981 330 046  
Teléfono atención ao cliente: (+34) 902 277 482  
Web: [www.arriva.es](http://www.arriva.es)

Se prefires utilizar o tren, a estación máis próxima está en Padrón, a uns 20 minutos en coche, e tes que realizar un enlace co autobús (Santiago - Riveira), na estación de Padrón (a 10 min. andando da estación de tren).

Para consultar frecuencias, horarios e prezos visitar [www.renfe.es](http://www.renfe.es)



Empresa: Renfe  
Teléfono: (+34) 902 240 202  
Axuda á Accesibilidade de viaxeiros:  
(+34) 902 24 05 05  
Web: [www.renfe.es](http://www.renfe.es)


Por avión, o aeroporto máis próximo a Arousa Norte é o de Santiago de Compostela (localizado a unha distancia dunha hora a 50 km aprox.).  
Empresa: Aena. Teléfono: (+34) 902 404 704  
Web: [www.aena.es](http://www.aena.es)

Por mar, Arousa Norte dispón de cinco portos deportivos:

- Porto deportivo da Pobra do Caramiñal  
Mail: [clubnauticopobra@gmail.com](mailto:clubnauticopobra@gmail.com)  
Tel: (+34) 628116854
- Porto deportivo de Barraña, peirao de Escarabote (Boiro)  
Mail: [cndb@cndb.es](mailto:cndb@cndb.es)  
Tel: (+34) 981847305
- Porto deportivo Marina de Cabo de Cruz (Boiro)  
Mail: [info@nauticoboiro.com](mailto:info@nauticoboiro.com)  
Tel: (+34) 981 845358 / (+34) 622884846
- Porto deportivo de Rianxo  
Mail: [info@nauticorianxo.com](mailto:info@nauticorianxo.com)  
Tel: (+34) 981866107 / (+34) 609833433
- Porto deportivo de Riveira  
Mail: [secretariacub@nauticoriveira.com](mailto:secretariacub@nauticoriveira.com)  
Tlf: (+34) 981874739 / (+34) 648187171

### Para máis información:

Mancomunidade Arousa Norte  
Praza de Galicia, s/n. 15930 Boiro (A Coruña)  
Tel: (+34) 981845236 / (+34) 678711065  
[xerencia@arousa-norte.es](mailto:xerencia@arousa-norte.es)  
[www.arousa-norte.es](http://www.arousa-norte.es)



*Arousa Norte*  
paraíso atopado




En pleno corazón da costa atlántica galega, atópase un pequeno paraíso ante o que se rende todo viaxeiro. Arousa Norte son catro pobos mariñeiros, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Riveira, situados na costa norte de Ría de Arousa, a máis fértil do mundo por metro cadrado e xeradora da industria pesqueira de baixura máis importante de Europa.

Nunha paisaxe inmillorable e cun patrimonio natural incalculable, o visitante pode realizar todo tipo de actividades deportivas ao aire libre en lugares únicos e salvaxes como parques naturais, entre os que se atopan o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán ou un amplo abanico de praias e rutas de sendeirismo.

A serra da Barbanza e a Ría de Arousa unen toda a súa beleza e o seu potencial para ofrecer unha oportunidade única de coñecer unha rexión como Galicia que mira ao mar e se enorgullece das súas xentes e da súa oferta turística e gastronómica.

Sen ningunha dúbida, atoparás un paraíso! **Tes que visitalo!**




### UNHA EXTRAORDINARIA PROPOSTA CULTURAL E MARIÑEIRA

Nun ambiente hospitalario, os municipios da Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Riveira propoñen ao visitante actividades de turismo cultural totalmente accesibles e deportivas e naturais, froito dunha cultura mariñeira que impregna cada espazo e a historia das xentes destas catro vilas.

A produtiva terra e a singular Ría de Arousa forneceron Arousa Norte de produtos do campo e do mar que son hoxe en día ingredientes fundamentais na gastronomía internacional. O mexillón é o produto rei desta rexión non só polo seu sabor, senón por ser o dinamizador económico desta comarca.

Desde que en 1945 se instalase a primeira batea nunha ría, o mexillón é parte da tradición, cultura e identidade dos catro concellos que compoñen a rexión. Da man dos bateiros coñecerás como o ciclo de vida deste bivalvo é máis complexo do que parece ata que chega ás nosas mesas.

Pero o mar non só é fonte de riqueza polos seus produtos. Cinco portos deportivos -A Pobra; Escarabote e Mariña de



Cabo de Cruz, en Boiro; Rianxo e Riveira ofrecen a posibilidade de amarre a todos os navegantes que a diario percorren a costa atlántica.

Ademais, en Arousa Norte podes facer unha interesante ruta marítima fluvial vinculada co Camiño de Santiago como é a traslatio marítima dos restos do Apóstolo.

Pero Arousa Norte ofrece moito máis ao visitante, desde un patrimonio arqueolóxico formado polos restos da

cultura megalítica e castros, ata rutas por lugares emblemáticos que inspiraron famosas obras de grandes escritores galegos como Castelao e Valle Inclán, pasando por visitas ao Parque Nacional das Illas Atlánticas, entre as que se atopa Sálvora, acreditada como destino *starlight*, un lugar óptimo para a observación nocturna das estrelas.

**Unha completa oferta que encherá a túa axenda de viaxe de momentos inesquecibles!**